
PARRAFADAS

PERIÓDICO ANUAL DO CPI PLURILINGÜE DA PICOTA *Nº 30* XUÑO 2020



Todo vai saír ben!

Teño o corazón senlleiro
e orfo na noite fría.

Non importa, agardarei
polo albor do novo día.

Teño lobos, teño sombras,
teño a sorte fuxidía.

Non importa, agardarei
polo albor do novo día.

Está mudo o reiseñor
que outrora cantar solía.

Non importa, agardarei
polo albor do novo día.

Que está comigo a **esperanza**,
fiando, fía que fía...

Ela fía e eu confío
no albor do novo día.

Viaxe ao país dos ananos, Celso Emilio Ferreiro



VENRES POLO CLIMA

O pasado 27 de setembro, no CPI Plurilingüe da Picota celebramos o *Venres polo Clima* para protestar pola emerxencia climática que está a sufrir o noso planeta, a Terra.

Greta Thunberg, unha das figuras activistas medioambientais máis importantes actualmente, con tan só dezaseis anos de idade, reclama acción contra o cambio climático e o calentamento global. Grazas a ela, moita xente estase a mobilizar para loitar por un futuro mellor.

Tamén o noso colexio quixo celebrar o Día Contra o Cambio Climático. Así, o alumnado e o profesorado do centro saímos ó patio. Todos e todas luciamos camisetas verdes para representar con elas a implicación que temos con este tema. Logo, tres alumnos de 4º da ESO leron un manifesto contando o porqué existe esta emerxencia climática e o que podemos facer para non prolongar nin empeorar a situación.

Cando remataron, plantamos unha árbore no patio coa que queriamos simbolizar o noso compromiso co medio ambiente.

O cambio climático xa está aquí, e é demasiado tarde para frealo, pero coa axuda de todos nós podemos evitar que sexa peor. Aínda hai esperanza, necesítámosvos, necesitámoste. Úneste ao cambio?

Lucía Rey Vilas e Carme Suárez Franco, 4º ESO



Este 30 de outubro, nas vésperas do Samaín, tivemos un encontro coa ilustradora **Laura Suárez**, para a presentación do seu cómic *Los cuentos de la niebla*.

O libro está inspirado nos contos e historias que lle contou a súa avoa Lola sobre lendas e tradicións tan nosas. Recolle catro relatos: “La Santa Compañía”, “El Aire”, “El Demonio” e “El Vidoiro”.

Gozamos moito co diálogo que se produciu entre avoa e neta e serviunos de inspiración para darnos conta da importancia do noso patrimonio inmaterial.

Laura contounos que a orixe destes contos remóntase a aquelas tardes de chuvía, cando a súa avoa, sentada a carón da cociña de leña, comezou a falarlle dunha época na que non había estradas nin electricidade; os mortos vagaban entre os vivos e os meigallos eran tan reais como a fame e a Guerra Civil.

Agardamos que a tradición continúe e inspire a novos e novas ilustradores.





O SAMAIN

É unha festividade celta que marca o remate da temporada de colleita e o comezo do inverno. Tradicionalmente, é celebrada do 31 de outubro ó 1 de novembro, xa que co día celta comeza e remata co saínter.

Na colexio da Picota celebrámola o día 30 de outubro, os alumnos acudimos ao colexio disfrazados de algo terrorífico.

Este ano Laura Suárez ven ao colexio coa súa arca a presentar o seu libro. É a explicarnos como a escribiu e a deluscará ademais de ha contestarnos as nosas dúbidas.

As últimas horas da tarde toda primaria e infantil reuniuse na sala de medios audiovisuais, onde vimos vídeos rodados polo alumnado de primaria que explicaban diversas tradicións do Samain, ao rematar fixemos a entrega de premios a os gañadores das cabazas, leasceiras e postres terroríficos que levaban expostos aos días.

Finalmente pasamos ao corredor central onde estaban expostos os doces e pasteis terroríficos que pasamos a degustar todos xuntos.

Despois marchamos para os nosos fogares.

Fátima Lage Pereira – 6º Primaria





OS GAÑADORES DO CONCURSO DE RELATOS CURTOS DE SECUNDARIA

Para celebrarmos **o Samaín**, desde a Biblioteca, convocamos un concurso de relatos curtos de terror ambientados na Picota. Os gañadores este ano foron Brais Lorenzo Ramos co relato “**Uns días de conto**” e Fátima Castelo Santiago con “**A historia do campanario de Santa Baia**”.

Uns días de conto

Estaba eu onte sentado con meu avó ao pé da lareira cando, de repente, comezou a contarme unha historia de medo que trataba dun home chamado Pepe e a súa muller Mari Carme.



Era a campaña do millo do 2016, Pepe ía no seu Valtra carrexando millo para Paco de Ríos. Debían ser xa as tres da mañá e levaba o último carro para o seu silo. Tiña que ir por un camiño todo desfeito, por iso ía amodo. Entón viu unhas cabazas de moi bo ver, entráronlle ganas delas, e decidiu levar un exemplar para cear. Ao chegar á casa, díxolle á súa muller que preparase unha crema de cabaza e comérona.

Ao día seguinte, volveu transportar millo para Paco e, na mesma leira, volveu ver o mesmo número de cabazas, o cal era imposible, xa que o día anterior collera unha. Aínda así, levou outra para a cea. Mari Carme e mais el volveron cear crema de cabaza.

Pasadas unhas horas, Pepe comezou a ter unhas convulsións moi raras. Mari Carme, ao ver así ao seu marido, decidiu levalo ao hospital de Santiago. Polo camiño, a súa muller tamén sentiu as mesmas contraccións, o que provocou que perdesa o control do coche e caesen por un terraplén.

Nunca máis se atoparon os seus corpos, foi como se xa mortos escapasen a pé daquel coche.

Brais Lorenzo Ramos, 2º ESO



Este relato foi contado de xeración en xeración ata chegar a meu avó, quen mo contou a min.

A historia comeza así :

Antigamente, a noite do 31 ao 1 de novembro, o sancristán da nosa parroquia pasábaa tocando a campá para conmemorar aos defuntos da parroquia. A este home temíanos todos xa que era forte, robusto e con moi mal carácter .

Era unha noitada fría e escura cando o sancristán saía da súa casa para ir tocar o sino da antiga igrexa de Santa Baia, na parroquia de Chacín. Como todos os anos, comezábese a tocar sobre as 10.

Non escoitou nin viu nada estraño ata chegar ás escaleiras que subían ao campanario. Presentía que o estaban seguindo, mais mirou para atrás e non percibiu nada. Ao chegar á parte alta da torre, puido ver a silueta dunha persoa cuberta cunha saba branca e varias candeas na man.

Intentou meterlle medo con palabras e ata poñerlle fronte co seu propio corpo, pero a sombra acercábase cada vez máis e máis. Chegou a un punto no que o home sentiu tanto terror que non viu outra opción que tirarse do campanario abaixo.

Ao día seguinte un dos veciños do lugar pasaba por diante da igrexa e encontrou o pobre home estirado no chan cheo de golpes e levouno ata a súa casa, xa que antigamente non había hospitais.

Antes de morrer, relatoulles todo aos seus familiares e, grazas a eles, podo eu contárvolo a vós.

Como esta, hai outras moitas historias que se pasaron oralmente de xeración en xeración, e que non se deberían perder.

Fátima Castelo Santiago, 3º ESO



Un ano máis chegou o **Magosto** á Picota!!

Na tarde do xoves 14 de novembro celebramos a nosa festa da castaña. O tempo non nos deixou gozar do aire libre, pero desfrutámolo igualmente facendo xogos en distintas zonas do cole.

Ao final, Serafín, o castañeiro, tiña preparadas as castañas quentiñas no seu carriño e comemos todos/as xuntos/as no patio cuberto.

Tamén tivemos unha compañia moi especial, veu Maruxa, a filla da nosa castañeira Fernanda. A nai retirouse e deixouna no negocio familiar. É moi falangueira, estamos moi contentos con ela!!!

Para os que non coñezades a Maruxa, aquí vos poñemos unha foto.





Con motivo do 25 de novembro, Día internacional pola eliminación da violencia contra a muller

En **Primaria** recordamos esta data e o que significa visionando un pequeno vídeo e escoitando unha canción. Finalmente, gardamos un emotivo minuto de silencio no que ata o alumnado de infantil estivo á altura.

Previamente traballouse nas aulas esta temática e elaboráronse uns murais.

Aquí tedes algunhas fotos.



Co alumnado de **Secundaria**, realizamos un acto reivindicativo que gravamos en vídeo co alumnado de 2º e 4º da ESO para chamar a atención sobre moitas formas de violencia contra a muller que en moitas ocasións non identificamos como tal. Posteriormente, proxectouse a curtametraxe "NON" e lemos un pequeno manifesto.



30 de xaneiro, día da

O alumnado de **Infantil e Primaria** fixeron unhas ás da Paz e, nas plumas, escribiron palabras e diferentes mensaxes relacionadas con esta temática. Tamén debuxaron unha pomba para poñer no mural colectivo.

PAZ





En **Secundaria**, os alumnos e alumnas escribimos frases que definían para nós a Paz. Logo xuntamos todo o material e fixemos unha gran colaxe de círculos.




Ese día, no recreo reunímonos profesorado e alumnado en audiovisuais para coñecer a figura de **Bob Marley** e a súa mensaxe de Paz no mundo. Varios alumnos de 4º de ESO leron a biografía do cantante e despois vimos unha presentación acompañada da súa música.





Tamén se falou de **Abiy Ahmed**, Nobel da Paz deste ano. Concedido polos seus esforzos para poñer fin á guerra dos 20 anos entre Etopía e Eritrea.





MADRINHAS E PADRIÑOS LECTORES



O pasado mes de xaneiro comezamos de novo cos apadriñamentos lectores. Un ano máis os maiores animáronse a compartir contos, experiencias e diversión cos máis pequenos.

Unha vez ao mes teñen lugar estes encontros na biblioteca, onde maiores e cativos gozan da maxia da lectura.

Deixámosvos algunhas fotos destes encontros!







Saída a Vimianzo

O pasado xoves día 6 de febreiro, o alumnado de 3º e 4º da ESO fomos ata o concello de Vimianzo para asistir á representación teatral da peza *Don Juan Tenorio* de José Zorrilla.

Logo, visitamos o singular complexo dos **batáns e muíños do Mosquetín**, na estrema co concello de Baio. Alí coñecemos, grazas ao guía Manuel, como era o funcionamento destes aparatos hidráulicos. Grandes mazos de madeira impulsados pola forza motriz da auga que servían para alisar e traballar tecidos. Ademais, puidemos comprobar o funcionamento dun muíño de auga tradicional e as diferentes pezas que o compoñen dende a moxega ao rodicio.





O día 13 de febreiro celébrase o **día mundial da radio**.

Un medio de comunicación con longa historia e que se reinventou para adaptarse ao século XXI.

Dende o noso centro, aproveitamos esta data sinalada para dar a coñecer o resultado do concurso que convocamos para buscar un logo e darlle nome á nosa nova radio.

O nome elixido por todas e todos foi "RADIO PICOTA". Tamén temos o logo oficial:



Será no **noso perfil en Ivoox** onde iremos subindo todos os nosos podcast. **Seguídenos e compartídeos!**



REFLEXIÓNS EN TEMPOS DE CORONVIRUS

A actual crise do COVID-19 cambiou a nosa vida en moitos sentidos e, sen dúbida, cambiará o xeito en que nos relacionamos de agora en diante. Neste artigo gustaríame explicar os principais efectos desta pandemia e afondar nas miñas preocupacións dende a perspectiva dun alumno de 3º de ESO.

Obviamente, a maioría de efectos son negativos: o primeiro e máis doloroso é perda das vidas humanas. Outro dos grandes problemas é a crise económica que trae consigo o COVID-19 e o incremento da débeda pública. Por riba, hai que ter en conta a práctica desaparición do turismo exterior nos próximos anos, o que supón a eliminación dunha fonte de ingresos moi importante para o noso país. Ademais, a isto hai que sumarlle os postos de traballo destruídos e as empresas susceptibles de entrar en bancarrota, e o consecuente aumento da pobreza en España.

Xa centrándome en min teño que dicir que en xeral me atopo animicamente ben, aínda que un pouco saturado pola carga de traballo, que se intensificou nestes últimos días. Tamén estou preocupado polo futuro, pois ninguén sabe canto vai durar esta situación ou, sequera, se vai ter un final. Esta incerteza créame un medo persistente que me fai, incluso, preguntarme se terei que emigrar.

A pesar de todo, creo que cómpre rematar este artigo con algo positivo, eloxiando o traballo da nosa sociedade por frear o virus; algúns loitando contra el en primeira liña e outros agardando nos seus fogares ata que todo isto termine. Está claro que esta situación vai ter severas consecuencias nos anos vindeiros, aínda así, en momentos como este é onde de verdade mostramos a nosa natureza máis solidaria.

Alberto Rey Abuelo, 3º ESO



72 días. Cómprense hoxe 72 días dende a declaración do Estado de Alarma. Estamos pasando polo que posiblemente será a maior crise do século para o país. Os negocios de miles de persoas están cerrando para sempre por non poder cubrir os gastos e a xente perde o seu traballo sen saber cando poderán volver á normalidade. Non hai dúbida de que esta será unha fase que cambie por completo a forma na que vivimos. Pero, como, exactamente?

Os tempos que corren son duros para todos. O erro de subestimar a importancia desta pandemia foi un que estamos pagando caro, cunha gran falta de material médico que retarda o proceso moito máis en España que noutros lugares. Mentres que a maioría de países xa se levantaron e comezaron a loita contra a recesión, a maioría de España segue detida, como un coche aparcado pero que segue consumindo combustible.

O aspecto psicolóxico tamén é importante, pois non é fácil pasar case 3 meses sen poder saír das mesmas catro paredes. A pesar de que en zonas como a nosa as leis sexan máis lixeiras, é moi fácil darse de conta de que as cousas non son como antes, e van a tardar moito en selo. O medo e a inseguridade son o pan de cada día tanto para a xente que vai traballar e vese exposta á enfermidade como para aqueles que non poden ir nin están seguros de cando poderán.

Tras dicir todo isto, opino que non sería xusto queixarme da miña situación. Dentro do que cabe, son incrivelmente afortunado e, por sorte, a miña familia e eu gozamos de boa saúde.

Por suposto, isto non quere dicir que a situación dos estudantes sexa boa. Creo que non sería o único se dixera que houbo momentos neste trimestre nos que traballei moito máis que en calquera outro ano da miña vida no colexio, e había moitas semanas que non dispoñía nin sequera dun pouco de tempo libre. Non é ningún segredo que os profesores tamén teñen máis problemas para comunicarse entre eles, o que leva a un ritmo de traballo irregular e, en ocasións, asfixiante.

No comezo desta redacción, propuxen a pregunta de como cambiará o mundo tras esta crise. O certo é que ninguén o sabe, e é que se hai algo que describe á perfección a nosa situación é a incerteza, a inseguridade e o medo. Tan só podemos facer todo o que poidamos e dalo todo para minimizar os danos que nos pode causar isto e para poder, finalmente, volver a como todo era antes.

Manuel Pereiro Conde, 3º ESO



Desde que comenzó el confinamiento por el COVID-19, no dejo de pensar en lo mucho que me gustaría poder volver a la normalidad y que todo esto terminara. Ya llevamos muchos días encerrados en nuestras casas viendo el daño que está causando este virus en todo el mundo y más concretamente en nuestro país.

No sabemos cuando se va a acabar la pandemia. Están muriendo muchas personas y sus seres queridos ni siquiera pueden despedirse de ellas. Además los enfermos que están hospitalizadas no pueden recibir visitas de sus familiares, con lo cual, el sufrimiento es aún mayor.

Al principio me parecía algo lejano, pero ahora lo veo muy próximo y me asusta pensar que si no encuentran pronto una vacuna o una cura, puede hacer daño a muchas más personas. Pienso que todos los países deberían de estar más unidos en la lucha contra esta pandemia.

Por otra parte, cuando veo las noticias, me alegra mucho observar la responsabilidad que estamos demostrando la mayoría de las personas al quedarnos en nuestras casas. Y me siento muy orgulloso de los profesionales que tenemos en nuestro país (médicos, enfermeras, policías, etc.) que lo están dando todo por nosotros.

El confinamiento hace que todos los días me parezcan iguales. El fin de semana ha dejado de ser especial para mí. Ya no quedo con mis amigos, no voy a comer a casa de mis abuelos, ...

Por las mañanas intento ponerme al día con las tareas del colegio y leer un poco. Y por las tardes trato de despejar la cabeza dibujando con mi hermana, jugando con el ordenador, viendo la televisión o entrenando al tenis de mesa con mi padre. Después de cenar nos entretenemos con algún juego de cartas o vemos algún programa en la televisión.

Confío en que con el esfuerzo de todos consigamos superar esta situación lo antes posible para que podamos recuperar la rutina del día a día que tanto echamos de menos y podamos compartir momentos juntos (con nuestros familiares, amigos, profesores, compañeros, etc.). En definitiva, poder recuperar nuestras vidas.

Mateo Cousillas Lema, 1º ESO



Imaxes de actividades feitas en tempos de CORONAVIRUS que se atopan no blog da biblioteca do cole

